

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

XEFATURA TERRITORIAL DE OURENSE

Rúa Curros Enríquez, 1-4º 32003 Ourense

Asunto: Alegacións ao Acordo do 1 de decembro de 2021, da Xefatura Territorial de Ourense, polo que se someten a información pública as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción, o proxecto de interese autonómico e o estudo de impacto ambiental do proxecto do parque eólico Monte da Neve e liña de evacuación, situado nos concellos de Celanova e Vereas, da provincia de Ourense (expediente IN408A 2020/102), DOG Núm. 236, de 10 de decembro de 2021.

Don/Dona _____ con DI n.º _____,

con domicilio para notificacións en _____ CP _____,

municipio de _____, provincia _____, tfno. _____.

EXPÓN:

Alegación 1. FRAGMENTACIÓN FRAUDULENTA DO PROXECTO. Non se contempla liña de evacuación. Non se avalía o impacto da totalidade da LAAT á que se fai referencia no proxecto de execución.

Alegación 2. OBSTACULIZACIÓN DA PARTICIPACIÓN REAL. Parte da documentación publicada, tanto no EIA como no proxecto de execución está en lingua NON oficial na Galiza.

Alegación 3. Nun informe de decembro de 2021, o Consello da Cultura Galega advirte: “a participación social nos procedementos de tramitación dos proxectos se ve moi limitada”. A exposición pública dunha documentación técnica voluminosa e nun prazo curto (apenas un mes) IMPIDE A PARTICIPACIÓN REAL e xera INDEFENSIÓN entre a veciñanza.

Alegación 4. EN MATERIA DE PARTICIPACIÓN, non consta estudo do grao de aceptación do proxecto polos concellos afectados e pola poboación. “A planificación dos territorios susceptibles de acoller parques eólicos debe contar coas comunidades locais polo seu coñecemento do territorio, sen furtarlles o dereito a ser parte das decisións que afectan a súa relación co territorio que habitan, segundo ampara o Convenio europeo da paisaxe”, indica o informe do Consello da Cultura Galega.

Alegación 5. Vulnérase a Directiva 2003/4/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2003, relativa ao acceso do público á información ambiental e o Convenio de Aarhus de 1998 sobre o acceso á información, a participación do público e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente.

Alegación 6. Vulnérase a Decisión 2005/370/CE do Consello, do 17 de febreiro de 2005 sobre a celebración, en nome da Comunidade Europea, do Convenio sobre o acceso á información, a participación do público na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente (DO L 124 de 17.5.2005, pp. 1-3)

Alegación 7. Vulnérase o Regulamento (CE) nº. 1367/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 6 de setembro de 2006, relativo á aplicación, ás institucións e aos organismos comunitarios, das disposicións do Convenio de Aarhus sobre o acceso á información, a participación do público na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente (DO L 264 de 25.9.2006, pp. 13-19)

Alegación 8. NON SE XUSTIFICA A NECESIDADE DO DESENVOLVEMENTO EÓLICO ACTUAL E PREVISTO NO PAÍS. Nestes momentos a Administración Xeral do Estado ten en diferentes fases de tramitación administrativa un volume de potencia que supera con creces o obxectivo de potencia eólica marcado polo Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) para o ano 2030.

Alegación 9. DESENVOLVEMENTO ANÁRQUICO E Á MARXE DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA. O Plan Sectorial Eólico Galego carece de Estudo de Impacto Ambiental. Vulnere a Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de xuño de 2001, así como a Lei 21/2013, de 9 de decembro de avaliación ambiental.

Alegación 10. FALTA DE UTILIDADE PÚBLICA E INTERESE SOCIAL DO POLÍGONO EÓLICO. O proxecto configúrase como un proxecto industrial de grandes dimensións, orientado unicamente ao reforzo do sistema oligopolístico de xeración de enerxía. Ademais a mercantil promotora non xustifica o interese autonómico do proxecto eólico.

Alegación 11. AFECCIÓNS GRAVES O PATRIMONIO que non se corríxen a respecto do documento de inicio. Os enclaves dos aeroxeradores seguen afectando ao conxunto de mámoas e, particularmente, a zona de interese arqueolóxico do Monte Oural, como recoñece o EIA: “ se debería establecer la máxima cautela sobre este yacimiento”.

Alegación 12. ALERTA SOBRE CATALOGACIÓN INSUFICIENTE. Dado que os sucesivos estudos mostran unha catalogación INSUFICIENTE tal e como recoñece o propio estudo da promotora, e tal e como recomenda o informe municipal de abril de 2021, é URXENTE unha intervención da Xunta de Galiza sobre a área.

Alegación 13. AFECCIÓNS GRAVES Á SAÚDE. Con todos os aeroxeradores a unha distancia por baixo dos 2 quilómetros a respecto de vivendas e poboacións, as afeccións previsíbeis á saúde das persoas resultan inevitábeis no caso do polígono eólico Monte da Neve. Estaríanse a vulnerar Dereitos Humanos: á saúde e a unha vida digna. Unha sentenza recente en Francia, a respecto do impacto na saúde de dúas persoas que serán indemnizadas polas operadoras dun polígono eólico, describe o síndrome da turbina.

Alegación 14. DISCRIMINACIÓN DAS CIDADÁS E CIDADÁNS DO ESTADO ESPAÑOL. Este polígono eólico sería ilegal en Alemaña, en concreto no Estado de Baviera onde ten a sede a promotora, Bay Wa. Naquel Estado, a distancia a respecto das vivendas e poboacións límitase segundo a norma Rx10. No caso do proxecto obxecto de alegacións, a lo menos catro poboacións ficarían por baixo dese rango. Vulnérase a Carta Europea de Dereitos Fundamentais (artigos 1, 3 e 20).

Alegación 15. AFECCIÓNS GRAVES Á FAUNA. O proxecto ten afeccións severas sobre determinadas especies vulnerábeis, en particular, aves rapaces como a tartaraña, así como sobre quirópteros (morcegos) e anfíbios, que non contan cun plan de conservación de especies ameazadas.

Alegación 16. AFECCIÓNS SEVERAS PARA BRAÑAS E HUMIDAIAS, E ÁS AUGAS presentes na zona (como sinala mesmo a toponimia), falta de catalogación e incumprimento da Directiva 2000/60/CE, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas.

Alegación 17. Vulneración da Directiva Marco da Auga. Ausencia de estudos hidrolóxicos que garantan a calidade das augas superficiais e soterradas e a non afección aos acuíferos.

Alegación 18. Impacto severo sobre a paisaxe, vulneración do dereito á paisaxe dos 30.808 potenciais observadores que viven na área visual do polígono proxectado, e dos 13.627 observadores potenciais directos. Incumprimento das recomendacións das Directrices da Paisaxe e do Convenio Europeo da Paisaxe.

Alegación 19. Afección severa sobre o tecido socioeconómico, en especial sobre o turismo, polo impacto global na paisaxe e en áreas susceptíbeis de usos turísticos.

Por todo o anteriormente exposto

SOLICITA:

O rexeitamento das autorizacións administrativas previa e de construción, do proxecto parque eólico Monte da Neve e liña de evacuación, situado nos concellos de Celanova e Verea, da provincia de Ourense (expediente IN408A 2020/102) e a súa retirada definitiva pola súa incompatibilidade cos valores ambientais e paisaxísticos presentes na área de afección do proxecto e a falla de licencia social.

OUTROSÍ DIGO: Que é preciso resposta razoada a estas alegacións segundo á Ley 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común. A falta de resposta é motivo de nulidade da tramitación.

En..... a..... de..... de 2022